

O XII Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos que se celebrará en Madrid entre os días 10 e 14 de setembro de 2018 contará cunha ponencia do historiador e membro do Instituto de Estudos Miñoráns **Anxo Rodríguez Lemos**, doutorando na Universidade de Santiago de Compostela, baixo o título

Entre mouros, cantares e terra nomeada: experiencias de traballo con concellos da provincia de Pontevedra.

O baionés fará un percorrido a partir das súas recollidas, en campo, de toponimia e tradición oral recompilada ao longo dos concellos de Vigo, Nigrán, Gondomar e Baiona no marco dos convenios que o IEM vén realizando cos concellos do sur da provincia, nos últimos anos, como institución pioneira neste eido do patrimonio inmaterial. A intervención terá lugar ás 18:00h. na facultade de Humanidades da Complutense de Madrid dentro da Mesa redonda arredor do Territorio, con relatorios centrados na Memoria, o Patrimonio e a Identidade.